



O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2020

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento
–Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información e a
Modernización de Galicia (OSIMGA)**



Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)

Santiago de Compostela

2020

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución	5
1. Demografía empresarial e Peso na economía galega	8
2. Emprego	26
2.1 Emprego por provincias	28
2.2 Emprego por áreas de actividade	31
2.3 Emprego segundo o xénero	34
2.4 Emprego por réxime de cotización	35
3. Comercio exterior	40
4. Innovación tecnolóxica	46
5. Patentes	58
Anexo: Definición áreas macrocomarcais	61



Introducción

Introdución

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través deste estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), proporciona, como continuación dos realizados en anos anteriores, unha caracterización actualizada do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na **Estratexia Dixital de Galicia 2030**, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, que xera redes de valor co resto de axentes, empresas tractoras e sectores económicos, dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo.

Así, o Hipersector TIC en Galicia xa é unha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na xeración, retención e atracción de especialistas para responder ás necesidades de transformacional dixital actuais e futuras, pola súa capacidade en desenvolver e implementar capacidades e infraestruturas dixitais de vangarda en tecnoloxías disruptivas así como pola súa proxección exterior.

A elaboración deste informe é posible grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio de colaboración asinado coa Amtega, e doutros organismos públicos que achegan os datos necesarios para a configuración desta publicación.

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar as actividades que constitúen o Hipersector TIC considérase como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE. Na seguinte táboa relaciónanse as actividades económicas, segundo a CNAE-09, que conforman o Hipersector TIC:

Táboa 1. HIPERSECTOR TIC - RELACIÓN DE CNAES

SECTOR TIC
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
60.1 Actividades de radiodifusión
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión
63.9 Outros servizos de información



1. DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

Demografía empresarial do Hipersector TIC

DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse un 4,5% en 2019 ata acadar as 3.830 empresas


En Galicia existían un total de 3.830 empresas desenvolvendo actividades encadradas no Hipersector TIC ao final do ano 2019, das que o 75,6% realizan actividades no subsector TIC e o 24,4% no subsector de Contidos.

O crecemento no número de empresas é sostido nos últimos anos, acumulando un aumento de máis dun 15% dende o 2015.

A análise dos dous sectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 2.897 empresas, un 4,1% máis que o ano anterior, e representa máis do 75% do total do Hipersector TIC.
- O sector Contidos experimenta un crecemento do 5,8%, e abrangue 933 empresas en Galicia.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2015-2019



Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2019
(Número de empresas).

Sector TIC	
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	13
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	40
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	11
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	7
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	335
58.2 Edición de programas informáticos	14
61.1 Telecomunicacións por cable	24
61.2 Telecomunicacións sen fíos	17
61.3 Telecomunicacións por satélite	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	141
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1938
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	143
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	212
Sector dos contidos e medios de información	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	376
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	384
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	75
60.1 Actividades de radiodifusión	49
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	24
63.9 Outros servizos de información	25
TOTAL HIPERSECTOR TIC	3830

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de “Programación, consultaría e outras actividades informáticas” son as máis numerosas no sector (CNAE 62) representando máis da metade do total das empresas do Hipersector TIC (50,6%) en Galicia no ano 2019. Dentro do subsector TIC o seu peso acada os dous terzos das empresas.

No Sector Contidos destacan dous subsectores: o de “Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais” (CNAE 58.1), que representa o 9,8% respecto do total de empresas do Hipersector TIC, e o subsector de “Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión” (CNAE 59.1), que representa o 10% respecto ao total das empresas do Hipersector TIC.

Taxas
demográficas de
emprendemento

A taxa de
crecemento neto
das empresas do
Subsector TIC e das
empresas do
Subsector Contidos
foron positivas no
2019

Emprendemento TIC

A taxa bruta de natalidade empresarial describe a porcentaxe de empresas nacidas e dedicadas aos subsectores TIC e de Contidos por cada mil empresas nun ano respecto ao total de empresas do Hipersector ao comezo dese ano.

As empresas que naceron ou se deron de alta no Hipersector TIC galego durante o 2019 foron máis que as empresas que desapareceron ou deixaron a súa actividade empresarial.

Ambos os dous subsectores do Hipersector TIC sinalan un crecemento significativo, xa que as taxas de natalidade superan ás de mortalidade en 50,3 puntos no sector TIC en 65,8 no de Contidos.

No ano 2019 acádase a taxa de crecemento máis alto da serie nos dous subsectores.

Táboa 3. Taxas de demografía empresarial dos subsectores do Hipersector TIC 2017-2019

SUBSECTOR TIC	TAXA BRUTA DE NATALIDADE	TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	TAXA DE CRECEMENTO TOTAL
2017	157,8	134,9	22,9
2018	156,1	107,7	48,3
2019	174,3	124,0	50,3
SUBSECTOR CONTIDOS	TBN	TBM	TCT
2017	137,2	121,5	15,6
2018	146,4	103,9	42,5
2019	154,2	88,4	65,8

Fonte: IGE

Demografía empresarial

No ano 2019 crecen
as taxas de
actividade
empresarial no
sector TIC (69,7%) e
no sector contidos
(29,3%)


Taxa de Actividade emprendedora

A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) é un cálculo que indica a porcentaxe de poboación activa dedicada ás iniciativas emprendedoras no sector.

Durante o 2019, o subsector TIC foi o que presentou a Taxa máis elevada, cun 11,7, crescendo case un 70% no último ano.

O subsector dos Contidos, cunha actividade emprendedora máis baixa, tamén creceu case o 30% ata situarse en 2,69.

Gráfico 2. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2010-2019)



Fonte: IGE.

Relación Galicia-España


No 2019, Galicia consolídase no **quinto lugar** do ranking nacional no número de empresas do Hipersector TIC.

Número de empresas

No conxunto de España existen 83.362 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 78,3% pertence ao sector TIC e o 21,7% ao sector contidos.

Galicia é a quinta comunidade autónoma cunha maior cifra de empresas deste segmento, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Gráfico 3. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2019.



Relación Galicia-España

As empresas do Hipersector TIC de Galicia supoñen o 4,6% do total do Hipersector español

Número de empresas

O crecemento observado na demografía de empresas do Hipersector TIC en Galicia é superior ao conxunto de España.

No 2019, o número de empresas do Hipersector TIC en Galicia creceu un 4,5% mentres que en España permaneceu practicamente estable (+0,1%).

As empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia representan o 4,6% de todas as empresas dedicadas a esta actividade en España.

Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2015-2019.

ANO	2015	2016	2017	2018	2019
	ESPAÑA				
TIC	57.074	60.036	62.234	64.808	65.250
CONTIDOS	17.568	17.184	17418	18.467	18.112
HIPERSECTOR	74.642	77.220	79.652	83.275	83.362
	GALICIA				
TIC	2.437	2.579	2.627	2.783	2.897
CONTIDOS	883	831	847	882	933
HIPERSECTOR	3.320	3.410	3.474	3.665	3.830

Fonte: IGE. Directorio de Empresas 2015-2019


Peso relativo do Hipersector TIC

As empresas do
Hipersector TIC de
Galicia representan
**o 1,52% das
empresas de Galicia**

Número de empresas

No 2019 continúa o incremento do peso relativo das empresas do Hipersector TIC respecto do total de empresas de Galicia, acadando xa o 1,52%, fronte ao 1,45% que se rexistraba no ano 2018.

**Gráfico 4. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia
(%). Anos 2015-2019.**



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2015 – 2019

Distribución provincial


O **44,6%** das empresas galegas do Hipersector TIC teñen a súa sede na provincia da **Coruña**

Distribución das empresas

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 81% da totalidade das empresas do Hipersector TIC.

Durante o 2019 prodúcese un incremento no número de empresas en todas as provincias galegas, aumentando especialmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña, respectivamente con 87 e 55 entidades empresariais máis que no 2018.

Mapa 1. Peso das empresas do Hipersector TIC por provincias




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2015 – 2019

Condición xurídica

A forma xurídica societaria representa o 61,1% das empresas do Hipersector TIC fronte ao 38,9% de persoas físicas (autónomos/as).

Gráfico 5. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2015- 2019

Tamaño das empresas

O 82,2% das empresas do Hipersector TIC galegas contan con 2 traballadores/as ou menos.

Gráfico 6. Hipersector TIC Galicia por tamaño da empresa.




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2019

Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2019

Mapa 2. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal. 2019*

Nas áreas da **Coruña e Vigo** concéntrase o maior volume de empresas do **Hipersector TIC**


- Máis de 500 empresas
- De 100 e 500 empresas
- De 50 a 99 empresas
- Menos de 50 empresas



Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	960	A Barbanza-Noia	64
Área de Vigo	870	Pontevedra nororiental	40
Área de Santiago	502	A Coruña suroriental	40
Área de Ourense	200	A Mariña	35
Área de Lugo	183	Lugo Sur	29
Área de Pontevedra	169	O Carballiño-O Ribeiro	25
Ferrol,Eume e Ortegál	135	Ourense Sur	21
Caldas-O Salnés	90	Lugo oriental	21
Costa da Morte	83	Ourense Central	20
Pontevedra Sur	80	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	195
O Morrazo	68		


*No anexo figura a descrición das “áreas macrocomarcais”.

Mapa 3. Número de empresas do sector TIC segundo área. 2019




Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	721	A Barbanza	51
Área de Vigo	680	Pontevedra nororiental	29
Área de Santiago	327	A Coruña suroriental	28
Área de Ourense	160	A Mariña	27
Área de Lugo	144	Lugo Sur	22
Área de Pontevedra	119	Lugo oriental	19
Ferrol,Eume e Ortegal	108	Ourense Sur	17
Costa da Morte	72	O Carballiño-O Ribeiro	15
Caldas-O Salnés	68	Ourense Central	14
Pontevedra Sur	64	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	161
O Morrazo	51		

Mapa 4. Número de empresas do sector contidos segundo área. 2019



Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	239	A Coruña suroriental	12
Área de Vigo	190	Costa da Morte	11
Área de Santiago	175	Pontevedra nororiental	11
Área de Pontevedra	50	O Carballiño-O Ribeiro	10
Área de Ourense	40	A Mariña	8
Área de Lugo	39	Lugo Sur	7
Ferrol,Eume e Ortegal	27	Ourense Sur	4
Caldas-O Salnés	22	Lugo oriental	2
O Morrazo	17	Ourense Central	6
Pontevedra Sur	16	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	34
A Barbanza-Noia	13		

Mapa 5. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2019





Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019

Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do hipersector TIC no seu territorio, ascendendo a **651** empresas no municipio da Coruña e **311** en Santiago de Compostela.

Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Lugo. 2019

O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (**157**) do Hipersector TIC na provincia.

Con respecto aos restantes concellos, só en dous casos supéranse as 10 empresas: Monforte de Lemos (16) e Sarria (13).



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019

Mapa 7. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Ourense. 2019




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019

- De 50 a 199 empresas
- De 10 a 49 empresas
- Menos de 10 empresas

A cidade de **Ourense** conta con **148** empresas do HipersectorTIC, seguido de San Cibrao das Viñas (31) e O Carballiño (16).

Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Pontevedra. 2019



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2019

Na provincia de Pontevedra hai **21 concellos** que superan as **10 empresas** do Hipersector TIC. Destacan especialmente **Vigo (727)** e **Pontevedra (131)**.

Peso na economía galega

Valor Engadido Bruto

O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego supera os 1.744 millóns de euros e experimenta un aumento do 2,5% no último ano

O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 2,5% no último ano e supera os 1.744 millóns de euros.


Isto redunda na tendencia de crecemento que se observa dende o ano 2015, o que garda relación co incremento no número de empresas, e como se constará no capítulo seguinte, redunda no incremento de traballadores/as no sector.

É preciso salientar que este incremento produciuse tanto no sector TIC como no sector Contidos:

- O VEB do sector TIC supera os 1.515 millóns de euros, cun crecemento do 2,4% no último ano.
- No caso do sector Contidos supera os 229 millóns de euros, cun incremento do 2,9%

O peso Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego acada o 2,8%, mantendo unha tendencia de estabilidade respecto ao ano anterior (2,9% sobre o PIB)

Gráfico 7. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2012-2018)
Datos en miles de euros



Fonte: IGE,

(p) Datos provisionais.

Nota: Na economía empresarial o valor engadido bruto (VEB) é a macromagnitude económica que mide o valor xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo. O VEB garda unha estreita relación co PIB, que se obtén logo de engadirle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción

As series contables difundidas nas estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia revisáronse para o período 1995-2018 polos cambios da "Revisión Estatística 2019". Estas modificacións forman parte dun cambio de base contable, coherente co realizado polo Instituto Nacional de Estatística e a Oficina Estatística da Comisión Europea (EUROSTAT). Pode atopar máis información referida a estes cambios nos seguintes enlaces:

Nota sobre o a "Revisión estatística 2019": http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Nota_Revision_Estatistica_2019_gl.pdf
Metodoloxía: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_contas_economicas_gl.pdf



2. Emprego

EMPREGO

O número de empregados/as no **Hipersector TIC** incrementouse un **0,2%** no último ano, acadando os **24.393** traballadores/as


2. Emprego

O Hipersector TIC incrementou o seu número de traballadores/as ata os 24.393 empregados/as no ano 2020 o que supón un crecemento do 0,2% respecto ao ano anterior. Comparativamente, o Hipersector TIC é un dos sectores económicos máis resilientes na actual conxuntura marcada pola COVID-19, e incluso pódese dicir que crea emprego.

O incremento concéntrase no Sector TIC, mentres que o Sector Contidos sofre unha lixeira contracción:

- O Sector TIC conta con 19.343 traballadores/as experimentando un incremento do 1,9%. .
- O Sector contidos baixa lixeiramente respecto a anos anteriores e sitúase nos 5.050 traballadores/as.

Gráfico 8. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2015-2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2015-2020.

**PROVINCIA
HIPERSECTOR TIC**


A provincia da
Coruña aglutina o
58,2% dos
traballadores/as do
Hipersector TIC de
Galicia

2.1 Emprego por provincias

En canto á distribución territorial, A Coruña é a provincia que aglutina á maior parte dos traballadores/as TIC, acollendo ao 58,2% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. Séguelle Pontevedra, cun 28,1%.

A provincia de Lugo experimentou o maior crecemento respecto ao ano anterior (+4,4%).

Gráfico 9. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2015-2020) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2015-2020.


PROVINCIA SECTOR TIC

A provincia da **Coruña** é a que conta con maior número de traballadores/as no **Sector TIC** e a de Lugo é a que acadou unha mellor evolución respecto ao ano anterior

Emprego por provincias

Atendendo a continuación unicamente ao Sector TIC, o emprego incrementouse en todas as provincias galegas excepto na de Pontevedra, sendo novamente a provincia da Coruña na que se rexistra un maior número de afiliados/as neste sector (10.932 asalariados/as). O maior crecemento relativo do emprego no sector TIC obsérvase en Lugo, co 6,2%.

Gráfico 10. Evolución do emprego (2015-2020) segundo provincias do Sector TIC



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2015 -2020

PROVINCIA SECTOR CONTIDOS

Nas provincias da
Coruña e
Pontevedra están
rexistrados o **87,1%**
dos
traballadores/as
do **Sector Contidos**
de Galicia


Emprego por provincias

A Coruña é tamén a provincia que conta cun maior número de afiliados/as no sector contidos, seguida de Pontevedra.

Estas dúas provincias aglutinan o 87,1% dos traballadores do sector contidos.

En 2020, o número de traballadores/as do sector *Contidos* redúcese nas catro provincias galegas.

**Gráfico 11. Evolución do emprego (2015-2020)
segundo PROVINCIAS do Sector Contidos**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020.

Emprego por áreas de actividade

ACTIVIDADE

No Sector TIC, as actividades CNAE que máis incrementaron o emprego no último ano son as relacionadas coas “Actividades da Tecnoloxía da información e do servizo informativo”.

En canto ás áreas de actividade, as evolucións variaron substancialmente respecto ao ano anterior, constatando que as actividades que rexistraron un maior crecemento do emprego pertencen ao Sector TIC. Así, as “Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo” son as que mellor evolución rexistraron, concretamente un crecemento do 5,9%.


No Sector Contidos, o maior crecemento respecto ao ano anterior rexístrase en “Outros servizos de información”, cun 1,3%.

Nas gráficas seguintes amósanse as desagregacións do emprego do Hipersector TIC atendendo á clasificación en áreas de actividade CNAE-2009.

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>

- **MANUFACTUREIRAS TIC:** 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas ,63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Gráfico 12. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR TIC. Anos 2019 e 2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2020

Gráfico 13. Desglose segundo CNAE. Sector TIC
Evolución 2016-2020





Gráfico 14. Desglose segundo CNAE. Sector CONTIDOS
Evolución 2016-2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2020

2.3 Emprego segundo o xénero

A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no Hipersector TIC indica que o 67,4% dos traballadores son homes e o 32,6% de mulleres.

Por subsectores de actividade apréciase que:


- No Sector TIC, a porcentaxe de mulleres é do 30,4%.
- No Sector Contidos, as mulleres son o 41,2% do total de traballadores/as.

FENDA DE XÉNERO

A porcentaxe de mulleres empregadas no Hipersector TIC é do **32,6%**


O emprego masculino segue a crecer no Hipersector TIC no 2020 mentres o emprego feminino estáncase

Gráfico 15. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

Gráfico 16. Evolución por xénero do emprego no Hipersector TIC (2015-2020).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2015-2020

RÉXIME DE COTIZACIÓN


O **84,4 %** dos empregados/as no Hipersector TIC cotizan no Réxime Xeral, o incremento deste Réxime respecto ao ano anterior foi do **0,6%**. Pola contra, perdéronse efectivos no Réxime de Autónomos.

2.4 Emprego por réxime de cotización

Atendendo ao réxime de cotización dos traballadores/as do Hipersector TIC no 2020, o 84,4% do persoal cotiza no Réxime Xeral, mentres que o 15,6% desempeña o seu traballo baixo o Réxime Especial de Autónomos/as.


No último ano, o incremento no Réxime Xeral foi do 0,6%, e no Réxime Especial de Autónomos/as perdéronse o 1,6% das afiliacións.

Gráfico 17. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

Gráfico 18. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC. 2015-2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020


RÉXIME e PROVINCIA

A Coruña é a
provincia que conta
cunha maior
porcentaxe de
traballadores/as no
Régime xeral

Tendo en conta o réxime de afiliación e a provincia do traballador/a, a de Ourense é o territorio onde se acada unha maior porcentaxe de autónomos/as no Hipersector TIC, cun 22,5% de afiliados/as.


A Coruña é a provincia que conta cunha maior porcentaxe de afiliados/as ao Régime Xeral dentro do Hipersector TIC, cunha porcentaxe do 87,9%.

Gráfico 19. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2020 segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

Mapa 9. Número de traballadores/as do Hipersector TIC segundo área. 2020




Número de traballadores / as do Hipersector TIC. Galicia 2020

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	6.537	A Barbanza-Noia	478
Área de Vigo	4.622	Lugo oriental	386
Área de Santiago	3.197	A Coruña suroriental	396
Lugo Central	1.293	Pontevedra nororiental	311
Ferrol,Eume e Ortegal	1.155	Lugo Sur	256
Área de Ourense	1.105	A Mariña	242
Área de Pontevedra	867	Ourense sur	189
Caldas-O Salnés	657	O Carballiño-O Ribeiro	187
Área de A Costa da Morte	559	Ourense central	198
Pontevedra sur	536	Alta en Galicia / Outras residencias	698
O Morrazo	524	TOTAL	24.393

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

37

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector TIC segundo área. 2020.




Número de traballadores / as do Sector TIC. Galicia 2020

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	5.368	A Barbanza-Noia	387
Área de Vigo	3.945	Lugo oriental	375
Área de Santiago	2.048	A Coruña suroriental	302
Lugo Central	1.007	Pontevedra nororiental	233
Ferrol,Eume e Ortegal	871	Lugo Sur	212
Área de Ourense	884	A Mariña	157
Área de Pontevedra	636	Ourense sur	152
Caldas-O Salnés	499	O Carballiño-O Ribeiro	144
Área de A Costa da Morte	457	Ourense central	164
Pontevedra sur	463	Alta en Galicia / Outras residencias	599
O Morrazo	440	TOTAL	19.343

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector Contidos segundo área. 2020.



Número de traballadores / as do Sector Contidos. Galicia 2020

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	1.169	A Barbanza-Noia	91
Área de Vigo	677	Lugo oriental	11
Área de Santiago	1.149	A Coruña suroriental	94
Lugo Central	286	Pontevedra nororiental	78
Ferrol,Eume e Ortegal	284	Lugo Sur	44
Área de Ourense	221	A Mariña	85
Área de Pontevedra	231	Ourense sur	37
Caldas-O Salnés	158	O Carballiño-O Ribeiro	43
Área de A Costa da Morte	102	Ourense central	34
Pontevedra sur	73	Alta en Galicia / Outras residencias	99
O Morrazo	84	TOTAL	5.050

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020



3. Comercio exterior


O comercio exterior *

En 2019, o Hipersector TIC facturou en Galicia máis de 95 millóns de euros en exportacións, o que supón un descenso do 13,8% respecto ao ano 2018. Pola súa banda, as importacións tamén experimentaron una evolución negativa, concretamente do 2,8 % respecto aos datos de hai un ano, acadando practicamente os 136 millóns de euros.

BALANZA COMERCIAL

O Hipersector TIC exportou máis de 95 millóns de euros no ano 2019

Gráfico 20. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2019.



Fonte: IGE, ano 2019

Táboa 5. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2014-2019)

ANO	2014	2015	2016	2017	2018	2019
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)						
TIC	-21.080,00	-28.738,63	-26.191,97	-23.976,88	-28.649,86	-39.077,50
CONTIDOS	419,20	-842,59	-1.947,19	629,74	-69,01	-1.129,88
HIPERSECTOR	-20.660,80	-29.581,00	-28.139,16	-23.347,14	-28.718,87	-40.207,39

Fonte: IGE, ano 2019

* **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

A fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3) é a actividade que acadou unha maior cifra de exportacións, con máis de 49 millóns de euros, o que supón o 51,3% das exportacións do Hipersector TIC en Galicia.

EXPORTACIÓNS

As exportacións de equipos de telecomunicacións superan os 49 millóns de euros.

Táboa 6. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2019

EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2018 (miles de euros)	VALORES 2019 (miles de euros)
Sector TIC	2611	2.261,7	1.458,5
	2612	2.133,6	4.667,4
	2620	20.508,6	18.015,5
	2630	52.745,4	49.125,5
	2640	27.035,6	16.370,2
	2680	92,3	123,3
	5829	2,5	0,2
	Total	104.779,8	89.760,6
CRECEMENTO 2018- 2019: -14,3%			
Sector Contidos	5811	2.945,3	2.945,2
	5813	0,0	0,0
	5814	7,6	716,3
	5819	3.112,4	2.126,0
	5915	261,7	150,4
	5920	3,3	54,5
	Total	6.330,4	5.992,4
CRECEMENTO 2018- 2019: -5,3%			
HIPERSECTOR TIC	Total	111.110	95.753
CRECEMENTO 2018- 2019: -13,8%			

Fonte: IGE, ano 2019


No ano 2019 a actividade con CNAE 5814 (Edición de outros revistas) experimentou o maior crecemento dentro do Sector Contidos.

En canto ao Sector TIC, a actividade que rexistrou a mellor evolución foi a CNAE 2612 “Fabricación de circuítos impresos ensamblados” (máis do dobre de exportacións que o ano anterior).

EXPORTACIÓNS


As exportacións máis importantes do Hipersector TIC proceden do **Sector TIC**, dentro deste máis da metade encádranse na actividade de **Fabricación de equipos de telecomunicacións**

Gráfico 21. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2019




Fonte: IGE, ano 2019

Gráfico 22. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2014 – 2019



Fonte: IGE, anos 2014 - 2019

Gráfico 23. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2014 – 2019



Fonte: IGE. Anos 2014- 2019

IMPORTACIONES

Fabricación de ordenadores e equipo periférico (CNAE 2620) e Edición de programas informáticos (CNAE 5829) do Sector TIC foron as que experimentaron un maior crecemento.


No sector contidos cabe salientar o crecemento experimentado polas actividades Edición de Xornais (CNAE 5813)

Táboa 7. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2019.

IMPORTACIONES			
	CNAE	VALORES 2018 (miles de euros)	VALORES 2019 (miles de euros)
Sector TIC	2611	8.977,3	8.831,3
	2612	1.773,6	1.828,4
	2620	18.119,6	20.325,0
	2630	52.189,3	52.041,3
	2640	52.085,1	45.543,0
	2680	276,5	257,2
	5829	8,2	11,9
	Total	133.430,0	128.838,2
CRECIMENTO 2018-2019: -3,4%			
Sector Contidos	5811	829,6	1.153,3
	5813	35,4	130,3
	5814	33,5	9,3
	5819	4.370,5	4.780,7
	5915	1.102,9	1.005,2
	5920	27,4	43,5
	Total	6.399,0	7.122,3
CRECIMENTO 2018-2019: 11,3%			
HIPERSECTOR TIC	Total	139.829	135.960
CRECIMENTO 2018-2019: -2,8%			

Fonte: IGE, anos 2018 e 2019

Gráfico 24. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2019.



- Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
- Fabricación de equipos de telecomunicaciones
- Fabricación de productos electrónicos de consumo
- Otros

Fonte: IGE, ano 2019

IMPORTACIONES

Os produtos procedentes da fabricación de equipos de telecomunicacións e de aparellos electrónicos de consumo concentra o 71,8% das importacións do Hipersector TIC galego

A actividade Fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 28.30) sitúase no primeiro lugar nas importacións de 2019, acadando o 38,3% do total do total do Hipersector TIC, seguida da Fabricación de aparellos electrónicos de consumo (CNAE 28.40) , cun 33,5%



4. Innovación tecnológica

ACTIVIDADE INNOVADORA

No período 2017-2019, 1.665 empresas galegas de 10 ou máis empregados/as realizaron algunha actividade innovadora.


Innovación tecnolóxica

Neste capítulo analizarase en primeiro lugar a actividade innovadora das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, presentando datos procedentes de enquisas de innovación e I+D do INE. Posteriormente, particularizaranse os indicadores de innovación ao Hipersector TIC de Galicia.

As actividades innovadoras comprenden calquera actividade sobre produtos ou procesos novos ou mellorados, incluíndo actividades en curso ou abandonadas.

No período 2017-2019, 1.665 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 22,4% das empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 25. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2017-2019.




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

NOTA IMPORTANTE: Na Enquisa de Innovación correspondente ao ano 2018 prodúcese unha ruptura da serie debido ao cambio metodolóxico da nova versión do Manual de Oslo. Por ese motivo, non se poden realizar comparacións cos datos publicados en anos anteriores.


Galicia ocupa a sexta posición no ranking de empresas innovadoras

Gráfico 26. N° de empresas con actividades innovadoras en España. 2017-2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

Mapa 11. Porcentaxe de empresas innovadoras por CCAA. 2017-2019




Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

No período 2017-2019, o 22,4 % das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as realizou algunha actividade innovadora.

Comparativamente, a porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis empregados/as que realizaron algunha innovación entre 2017 e 2019 (22,4%), o que representa unha proporción comparable á media estatal (22,6%).

Gráfico 27. Porcentaxe de empresas innovadoras no período 2017-2019. Comparativa Galicia – España.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, 2017-2019

GASTO EN INNOVACIÓN

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as acadaron un **gasto en actividades innovadoras** de 760 millóns de euros no ano 2019.


Mapa 12. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA. Ano 2019. (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

En canto ao gasto tecnolóxico para realizar actividades de innovación das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, unha de cada tres mercaron tecnoloxía xa coñecida pola empresa ou unha actualización da preexistente, superando a media estatal en 3,2 puntos porcentuais. No caso de compra de nova tecnoloxía, o 6,9% das empresas galegas mercaron nova tecnoloxía, non utilizada previamente pola empresa, situándose en valores similares á media estatal .

Gráfico 28. Tipo de tecnoloxía comprada. Comparativa Galicia – España. Ano 2019



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

DIFICULTADES PARA A INNOVACIÓN


A existencia doutras prioridades dentro da propia empresa, unido á consideración dos elevados custes dificultan a innovación segundo as empresas galegas.

Para o 48,8% das empresas galegas, o principal factor que dificulta a decisión de iniciar ou executar as actividades innovadoras é a existencia doutras prioridades na propia empresa.

A consideración do elevado custe (28,7%) é o segundo factor máis importante.

Gráfico 29. Factores que dificultan a innovación. Galicia. Ano 2019.

% sobre as empresas que consideran que os seguintes factores tiveron un grao de importancia elevado á hora de dificultar a decisión de iniciar ou a execución mesma das actividades innovadoras




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2019

GASTOS INTERNOS EN I+D

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de 627 millóns de euros a gastos internos de I+D no ano 2019.


No ano 2019, as empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de 627 millóns de euros a gastos internos de I+D, o que supón un incremento do 6,2% con respecto ao ano anterior.

O dato obtido no 2019 é o máximo acadado na serie histórica galega.



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2019.

**Gráfico 13. Contribución aos gastos internos totais en I+D por CCAA.
Ano 2019**



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2019

Considerando o total do territorio estatal, os gastos internos en I+D sitúanse preto dos 15.572 millóns de € no ano 2019. A Comunidade galega ocupa o sétimo posto do ranking nacional en canto a investimentos, só por detrás de Comunidades como Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, Comunidade Valenciana e Castela e León.

Galicia permanece na sétima posición das Comunidades que máis investiron en I+D respecto ao conxunto estatal.


PERSOAL EN I+D

O número de
traballadores/as en
I+D en Galicia
incrementouse un
4,3% no último ano

No ámbito estatal, no ano 2019 estaban rexistrados 231.413 traballadores/as en I+D, dedicados a xornada completa; en Galicia, o facían, 11.085.

A cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa incrementouse no 2019 nun 4,3%, con 454 empregados/as máis.

Gráfico 31. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2014-2019)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2019.

A INNOVACIÓN E A I+D+i NO HIPERSECTOR TIC DE GALICIA


GASTO EN I+D

O 36,2% das empresas do Hipersector TIC de Galicia de 10 ou máis empregados/as realizou actividades innovadoras no período 2017-2019

Centrándonos agora no Hipersector TIC, a porcentaxe de empresas de 10 ou máis empregados/as con **actividades innovadoras no período 2017-2019 é do 36,2%**, superando amplamente a porcentaxe que se rexistraba no conxunto do tecido empresarial galego (22,4%). Entre as empresas do Hipersector TIC que realizaron innovacións, no 86% dos casos eran innovacións tecnolóxicas de produto e o 82% innovacións tecnolóxicas de proceso.


O gasto en innovación en Galicia do Hipersector TIC ascendeu neste período a máis de 126 millóns de euros, dos cales o 70% está destinado a I+D interna.

Gráfico 32. Tipoloxía en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2017 -2019

Gráfico 33. Tipoloxía de gasto en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron gastos en actividades innovadoras no ano 2019

A INNOVACIÓN E A I+D+i NO HIPERSECTOR TIC DE GALICIA


GASTO EN I+D

A intensidade de innovación sobre a cifra de negocio sitúase no 7,75% entre as empresas do Hipersector TIC galegas de 10 ou máis empregados/as que realizan actividades de I+D+i

A intensidade innovadora defínese como a ratio dos gastos en actividades innovadoras respecto da cifra total de negocio das empresas. No caso do Hipersector TIC, este valor ascende ata o 7,75% nas empresas que realizan actividades de I+D fronte ao 3,95% do conxunto das empresas do Hipersector TIC.

Un dos impactos da actividade innovadora máis relevante prodúcese nos “procesos de negocio” das empresas. Cabe salientar que, entre as empresas do Hipersector TIC de Galicia con actividades innovadoras, un 18,7% levou a cabo innovacións nos seus métodos de procesamento da información ou comunicación e un 16,3% nos seus procesos de marketing.

Gráfico 34. Intensidade innovadora. Hipersector TIC.



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2017 -2019

Gráfico 35. Tipos de innovación de proceso de negocio (% de empresas do Hipersector TIC).



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2017 -2019


A INNOVACIÓN E A I+D+i NO HIPERSECTOR TIC DE GALICIA

O 50,7% das empresas do hipersector TIC de 10 ou máis empregados/as con actividades innovadoras consideran que as innovacións nos seus procesos de negocio **cumpriron ou superaron as expectativas xeradas.**

O impacto das actividades innovadoras de produto na cifra de negocios afecta ao 26,5% das empresas do Hipersector TIC de 10 ou máis empregados/as: o 9,8% son innovacións no mercado e o 16,7% só para a propia empresa.


Máis da metade (50,7%) das empresas do Hipersector TIC de 10 ou máis empregados/as con actividades innovadoras consideran que as innovacións nos seus procesos de negocio cumpriron ou superaron as expectativas xeradas.

Gráfico 36. Impacto económico das innovacións de produto sobre a cifra de negocios



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2017- 2019

Gráfico 37. Innovación no período 2017-2019: Empresas por grao de cumprimento das expectativas xeradas pola innovación de proceso de negocio



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2017- 2019



5. Patentes

INDICADORES DE I+D

As patentes son **indicadores de innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.

Patentes

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “un dereito exclusivo concedido a una invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, una nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da de que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.

PATENTES

No ano 2019, a oficina Española de Patentes e Marcas concedeu **81 modelos de utilidade e 34 patentes en Galicia**


O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2019 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 34 patentes e 81 modelos de utilidade a entidades galegas.

A tendencia indica que os *modelos de utilidade* cobran cada vez maior peso respecto ás *patentes* como modalidade preferida en Galicia para protexer as invencións.

Gráfico 38. Patentes e Modelos de Utilidade concedidos a entidades en Galicia. Ano 2012-2019



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2012 - 2019

Anexo: Definición de áreas macrocomarcales

Provincia da Coruña

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da Morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra.
- Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo.
- O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.

